

Afinidades

Arte e didáctica

Casa Galega da Cultura

Vigo (07.02.19 – 10.03.19)

Selec - tivas

Itziar Ezquieta · Fruela Alonso

x Berta Cáccamo · Manolo Moldes

Cristian Gradín x David Fidalgo Omil

Begoña Paz x Román Corbato

Covadonga Barreiro x Carmen Rojo Varela

Comisariado: Cristina Varela Casal

Permitaseme coup de coeur

Itziar Ezquieta

A «espazalidade» dos lugares idos ou por vir, recunchos onde habitar ou perderse. Lembranzas e morriñas. Que nos queda fronte ao fluir do tempo, contra a desaparición? A superficie do lenzo en branco, soporte que é converxencia da escenografía para incesantes preguntas, así falaba González Alegre alá polo 1994 aludindo ás pezas de Berta Cáccamo. Que a liña é o percorrido más curto entre dous puntos témolo ben sabido, mais sendo estes índices ineludibles dun comezo e dunha fin, calquera trazo, digresión ou enredo serve para alongar o proceso facendo máis complexo o percorrido, enciendo de experiencias que se suman á memoria, na procura dunha construcción propia. Percorridos, varridos, formas primarias, pegadas, siluetas...a tea imprégname de pintura, de preguntas.

Para que pintura? para quen?

Preguntas que son lenzos, cadros que son a posibilidade de momentos entre bosqueiros, debuxos, espirais. As teas tórnase corpóreas, virulentas e enérxicas composicións; memoria sedimento de sensacións e de emocións dun tempo que xa non volve. Persoeiros que agardan, falan e viven no recanto da tea, o momento da pintura, o silencio que berra para quen deseñe escutar.

Para que pintura? para quen?

Coup de coeur, deriva lingüística para referir esta oportunidade de diálogo que supón Afinidades, un cruzamento de percorridos entre mestres/as e discípulos; sen contar con

Cristian Gradín Carbajal x David Fidalgo Omil

Lo que tú digas

Cristian Gradín Carbajal, 2018

Animación dixital, 5 min 25 s

A proposta de educar na diversidade e na tolerancia exposta nunha materia como Educación para a cidadanía atopouse coa oposición dun sector da sociedade contrario ao ensino de valores que crean competencia no ámbito familiar. Á marxe do papel máis ou menos velado do currículo tradicional á hora de promover modelos familiares e afectivos normativos, atopámonos co papel formativo ou adoutrinador, segundo sexa o noso posicionamento ideolóxico, dos medios de comunicación de masas. O que ti digas é unha colaxe animada que amalgama dous xéneros populares nos anos sesenta, as películas románticas e os cómics «para mozas» co fin de repensar a idea do «galán», de apariencia impecable pero cuxo trato ás protagonistas femininas vai desde a condescendencia ao autoritarismo. Personaxes extraídos de viñetas e de audios apropiados de escenas de cortexo e de sedución conforman un modelo de masculinidade aparentemente obsoleto pero cuxo eco resoa na imaxe do home actual, desde o metrosexual ás estrelas do deporte e dos espectáculos.

Sinceramente, yo ya no razono

David Fidalgo Omil, 2017

Animación. Acrílico sobre papel, 11 s

O 11 de outubro de 2016 no programa Mujeres, hombres y viceversa, un programa de citas, acontecía un dos debates más deplorables visto en televisión (máis se atendemos a que o público obxectivo de audiencia do devandito programa é maiormente adolescente), no cal se debatía a capacidade de decisión dunha muller á hora de ter relacións sexuais ante un home e no que se asumía que un «non» non sempre é un «non».

Traballando co concepto do meme aprópiome deste debate absurdo e realizo Sinceramente, yo ya no razono, título tomado textualmente das palabras dun dos protagonistas do devandito debate. Neste asumise que ante unha relación sexual o home perde toda a capacidade de raciocinio. Así represento este momento televisivo en animación acrílica onde os personaxes son deformados, espidos e dotados dunha fala atrofiada case intellixible. Os diálogos reais aparecen en forma de subtítulos e obriganlle ao público espectador a mirar máis aló da imaxe que tan inofensiva lle pode resultar, da mesma maneira que estes programas copan a grella televisiva coma se de algoanódino e inocuo se tratase, pois non se vixia o citado contido e permitense condutas machistas e vexatorias que crean escola.

Afini Selec – – dades tivas



que esa posibilidade se poida manifestar xorde unha percepción deque moitas veces non somos conscientes. A pintura ten sempre no seu inicio algo de pasional, lembrando as palabras de Manolo Moldes.

Proxecto dialogante das derivas existentes entre eses dous puntos, finalidade mesma do quefacer pictórico, discursos de trazo e de cor, divertentes e ao tempo semellantes, constantes procesos de experimentación..., ata chegar ao derradeiro punto final quizais cheo tamén de preguntas; disposto para que algún colla o testemuño... Outro lenzo en branco.

E para que a pintura?

Fruela Alonso

Nos momentos en que non pinto non hai ningún problema e parece como que podo facer algúna cousa ou que sei algo. É cando empezo de novo a pintar que xorden todos os problemas e as dificultades, e teño a sensación de que non sei nada e non sei o que fago.

É coma se buscase un método que fixese máis fácil a elaboración da imaxe que quero, pero en realidade isto non existe. Realmente son consciente de que isto non é posible, non pode darse nin ser, pero é por iso que pinto. Como digo, sigo traballando por darlle forma a un tipo de imaxe pensada, concibida entre realidade e ficción, e é porque non sae que continúo unha e outra vez tentando atopala.

Begoña Paz x Román Corbato

Idem et Idem

Begoña Paz

O saberse esgotable suscita a ansiedade de facer un inventario de algo que insta á desaparición. *Idem et Idem* desenvolve a idea do que un é (e do que un foi) como debuxo e percorrido que traza un velo composto por sucesivos planos, fragmentos simultáneos de rostros borrosos que o constrúen. A cabeza como unha combinatoria de elementos, variacións e permutacións é sometida a un exercicio de «sobredeterminación» e desfiguración que se revela como forma biográfica esvaecida.

Paisaje del fracaso

Román Corbato

Esta serie de obras traballan co concepto de ruina, entendida esta non como fracaso irremediable, senón máis ben como espazo de reflexión e posibilidade de proxecto; e como o suxeito creador se relaciona coa ruina e coa paisaxe que observa e constrúe coa súa mirada. Tempo, natureza e construcción son para o creador ferramentas que axudan a relacionarse e a aproximarse á ruina dunha maneira ausente.

Mª Covadonga Barreiro x Carmen Rojo Varela

Correspondencias

Mª Covadonga Barreiro, 2018

Paisajes interiores

Carmen Rojo Varela, 2018

*La Nature est un temple où de vivants piliers
Laissent parfois sortir de confuses paroles;
L'homme y passe à travers des forêts de symboles
Qui l'observent avec des regards familiers.
Charles Baudelaire, Correspondances*

Este diálogo entre obras propone, tras unha relectura de *Les Fleurs du mal* (As flores do mal) de Charles Baudelaire, trazar as correspondencias ocultas que unen os obxectos sensibles a partir dunha observación atenta que vai desde unha visión macro ata outra micro do existente. Nubes e fibras vexetais, atravesadas e conformadas pola luz, aparecen como potencias evocadoras e simbólicas, evidenciando o mundo e o real como un misterio por descifrar.